

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE XUÑO DE 2010**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de xuño deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 16 de xuño de 2010.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento dunha parcela de 783,05 m<sup>2</sup> resultante da agrupación previa de 7 predios, en dúas parcelas, na rúa Mondoñedo esquina rúa Lamas de Prado, para parcelamento do predio matriz cunha superficie de 1.960,00 m<sup>2</sup>, en tres parcelas, no núcleo rural tradicional de Portiño, parroquia de Lugo-Galegos (Santiago de Afora); para demolición dunha edificación sita na rúa San Roque, número 73; para ampliación de vivenda unifamiliar illada, construída coa licenza municipal número 1569/09, sita no núcleo rural tradicional de monte de Meda, parroquia de Santa María Madanela de Monte de Meda; para construír un edificio na rúa Virxe da Esperanza, rúa Coelleira e rúa Rof Codina, bloque 3, Unidade de Actuación Sur-2; para rehabilitación de cuberta do edificio sito na rúa Río Narla, números 6, 10 e 12; para consolidación de muro en alpendre tradicional existente, sito no núcleo rural tradicional de Bosende de Abaixo, parroquia de San Pedro Fiz de Muxa; para execución de cuberta sobre terraza

existente, na edificación tradicional sita no núcleo rural tradicional do Burgo, parroquia de San Vicente do Burgo; para substitución de cuberta no edificio existente coa licenza municipal número 200/1982, sito na rúa Serra de Outes, número 27 e para legalización dunha explotación de gando vacún de leite e ampliación de estabulación existente, sita en Aldea de Abaixo, parroquia de Rubiás.

### **ÁREA DE INFRAESTRUTURAS**

**2. XESTIÓN.-** Acórdase a aprobación inicial do “Proyecto de conexión con 16 F.O. entre los centros Pdi-Yacom, Subestación-Fenosa y GAL19b01”.

### **ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase o nomeamento dun Psicólogo e dun Técnico Asesoramento Emprendedores.

### **ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga do contrato administrativo asinado coa empresa adxudicataria da prestación do servizo de limpeza de colexios públicos e outras dependencias municipais por un período de tres meses contados dende o 27 de xuño de 2010 ou ben ata a adxudicación do novo contrato.

Tamén se acorda a adxudicación provisional na adquisición de baixo e espazo libre para executar a remodelación da praza do Cantiño e a súa conexión co paseo da muralla (proxecto 09UR3103).

**5. INTERVENCIÓN.-** Acórdase a aprobación do proxecto de modificación da base de execución número 24 do presuposto xeral correspondente ó exercicio 2010.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

**ACTAS E GOBERNO**

LRP/cvr

Ref#: 230610\_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-6-2010

- Acórdase a contratación do subministro de gas para a nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Lugo.

- Acórdase a autorización de instalación de restaurantes na festa “Arde Lucus 2010”. parcela número 5

Lugo, 23 de xuño de 2010  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García